

Espazos verdes e de lecer

Aproveita esta xornada para a descuberta das faldras que rodean a Cidade da Cultura, o Bosque de Galicia, un dos pulmóns verdes de Compostela; para descansar no parque do Lago e continuar o percorrido polo Xardín Literario; e coñecer, para outras ocasións, a zona de xogo do Parque da Baía, inspirado nos monstros mariños de Urbano Lugrís.




Visita o Museo Centro Gaiás

Cidade Imaxinaria é unha oportunidade única para gozar tamén da arte. Aproveita a xornada para coñecer as exposicións que acolle o Museo Centro Gaiás: *Galicia Universal*, *A arte galega nas coleccións de ABANCA e Afundación* (con visita comentada ás 17:30) e *Bladomero Pestana, a verdade entre as mans*.



(*): Salida da vista comentada desde o punto de información no Museo Centro Gaiás. (17:30h)

- Visita comentada
- Espazo escénico
- Xogos e instalacións



Para repor enerxías

En catro horas de xogo e diversión fai falta recargar as baterías! Os postos de lambonadas de Cidade Imaxinaria agárdanos con xeados, flocos de millo ou algodón de azucre para os máis larpeiros e larpeiras! A zona de relax nas Torres Hejduk e a Cantina do Gaiás estarán tamén á túa disposición para un momento de pausa.



Servizo de buses

Servizo de reforzo de autobús urbano Praza de Galicia—Gaiás cada 40 minutos.

Orixe	Destino	Horarios
Praza de Galicia	Gaiás, CdC	14:20 h, 15:00 h, 15:40 h, 16:20 h, 17:00 h, 17:40 h, 18:20 h, 19:00 h, 19:40 h, 20:20 h, 21:00 h.
Gaiás, CdC	Praza de Galicia	14:00 h, 14:40 h, 15:20 h, 16:00 h, 16:40 h, 17:20 h, 18:00 h, 18:40 h, 19:20 h, 20:00 h, 20:40 h, 21:20 h.

Servizo regular:

- L9** Liña 9: Sábados mañá. Cada 60 min., de 09.00 a 13.00 h
- C11** Liña C11: Sábados tarde. Ao paso por Xeneral Pardiñas. De 17.10 a 20.15 h

+info transporte urbano: tussa.org | www.cidadedacultura.gal

GAIÁS CIDADE DA CULTURA

CIDADE IMAXINARIA

25 AGO 2018

DE 16 A 20H

CIDADEDACULTURA.GAL

galicia a lo comilla

CIDADE IMAXINARIA

ESPAZOS LÚDICOS PARA IMAXINAR

01

Escola de saltimbanquis

16 a 20 h A escola de circo non pode faltar na Cidade Imaxinaria! Este ano con 4 espazos para sacar fóra o saltimbanqui que todos e todas levamos dentro: zona de malabares, zona acrobática, zona de aéreos e zona de equilíbrios. Descubriremos talentos circenses nunca antes explorados!

02

O bosque dos sentidos

16 a 20 h Espazo para bebés de 0 a 3 anos. Un recuncho onde gozar dun tempo de distensión e sensacións, deseñado para fomentar o descubrimento e a experimentación sensorial a través do tacto, da vista, do son e das texturas.

*Ocupación máxima: 20 bebés, sempre acompañados dunha persoa adulta.

03

A xogar á rúa!

16 a 20 h Xogos de habilidade, de enxeño e xogos ópticos, pero sempre pensados para interactuar coa rúa e co exterior! Unha proposta para devolver a rúas e prazas o seu papel como espazo de xogo, socialización e diversión para a cativada.

04

Fantasías pola cara

16 a 20 h A quen non lle gusta ser outra persoa por un día? A través de tatuaxes efémeras e maquillaxes daráslle cor e fantasía á túa faciana para sentir, tamén no aspecto, que formas parte do mundo máxico de Cidade Imaxinaria!

05

Os xogos do Hélder

16 a 20 h A diversión non é exclusiva da tecnoloxía, senón da vosa capacidade de enxeño, que tedes a moreas! Estes xogos tradicionais centenarios, de orixe lusa, están artellados en dous materiais sinxelos: corda e madeira, que conseguen cativar a xeración tras xeración.

07


Ulterior... A viaxe

17:15 a 18:15 h Unha aventura no tempo, espectacular e colorista. Un científico aventureiro, o seu contramestre e a muller-paxaro descubren unha fascinante especie animal de ata 5 metros de altura... os increíbles dragosaurios!

10

Museo Centro Gaiás

Aproveita a xornada para coñecer as exposicións que acolle o Museo Centro Gaiás: *Galicja Universal. A arte galega nas coleccións de ABANCA e Afundación* (con visita comentada ás 17:30 a 18:30 h) e *Baldomero Pestana, a verdade entre as mans*.



ESPAZO ESCÉNICO

08

Express

18:15 a 19 h As principais disciplinas circenses cunha boa dose de humor. Clown, acrobacias grupais, ademais de técnicas como o mastro chinés, a báscula, as verticais e os equilíbrios son os ingredientes desta representación que fai as delicias de maiores e da cativada.

09

Nómades

19 a 20 h Espectáculo de gran formato no que unha familia de nómades migrantes viaxa pola Cidade Imaxinaria nunha roda xigante e a través de abraiantes exercicios de aéreos, corda, trapecio, cadro fixo e acrobacias.

06

Monitoleando

16:30 a 17:15 h Monitola é unha exploradora moi despistada na procura dun tesouro, o que lle fará percorrer medio mundo. Esta divertida aventura para toda a familia chea de emoción, humor e circo ensínanos que viaxar non é só cambiar de lugar, senón que tamén nos converte en mellores persoas.